

Que é un tween?

O termo pode identificarse co de preadolescentes (entre 8 e 12 anos). Engloba un grupo de consumidores que se sitúa entre a infancia e a adolescencia —de feito, tween procede do inglés between, ‘entre’—.

Os seus produtos estrela: o teléfono móbil e o MP3.

As súas características:

- Son rapaces con moita prisa por crecer. A comunicación para chegar a eles é practicamente a mesma que para chegar aos adolescentes, porque o tween se fixa nos maiores, non nos da súa idade.
- Aínda son moi nenos, non aprenderon a esperar, polo que buscan unha satisfacción ou gratificación inmediatas.
- Claves para chegar a eles son o reto, as sorpresas e, especialmente, todo o que implique compartir e estar conectado con outros.
- Rexeitan todo o que teña aparencia infantil e rebélanse contra todo o que implique autoridade.
- As nenas tweens son distintas dos seus compañeiros de xeración. Mentres eles se senten atraídos polos deportes, os videoxogos e as novas tecnoloxías, elas comezan a inclinarse cara aos temas de moda e beleza. Teñen ademais espazos de ocio diferentes: elas prefiren os centros comerciais, e eles, os centros recreativos e os espazos deportivos.

Contesta:

1. Que é un tween?
2. Cres que teñen máis de nenos ou de adolescentes? Por que?
3. O texto fala duns “produtos estrela” para os tweens. Cales son?
4. Os rapaces e as rapazas tween non teñen os mesmos gustos. Escribe dúas diferenzas.
5. En que te semellas ti aos tween e en que sodes diferentes?